



## CONSENTIMENTO INFORMADO DISPOSITIVO INTRAUTERINO (DIU) LIBERADOR DE LEVONORGESTREL

*Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica (versión consolidada)*  
*Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (versión consolidada)*

D/Dna:		maior de idade, con DNI:	
Veciño/a de:	Rúa:	Nº:	
Teléfono:			

### MANIFESTO:

Que fun informado/a polo médico/a, \_\_\_\_\_ en data \_\_\_\_\_ e que me foi entregada a información do procedemento e igualmente dos beneficios que se esperan e do tipo de riscos que comporta a súa realización (complicacións máis frecuentes) e a súa non realización, así como das posibles alternativas segundo os medios asistenciais deste Centro.

Comprendín toda a información que se me proporcionou e as miñas dúbidas foron aclaradas satisfactoriamente.

### CONSINTO:

Aos facultativos a que me practiquen o procedemento mencionado e descrito no reverso e as probas complementarias necesarias. Son coñecedor/a de que en caso de urxencia ou por causas imprevistas poderán realizarse as actuacións médicas necesarias para manterme con vida ou evitarme un dano.

Sei que en calquera momento podo revogar o meu consentimento.

Asino en: Ferrol a \_\_\_\_\_

*No caso de ter de 12 a 16 anos ten que ser escoitada a opinión do menor*

PERSOA AUTORIZADA	PACIENTE	FACULTATIVO
	<i>Asinará en caso de maior de 16 anos</i>	

Por incapacidade ou renuncia á toma de decisión: **persoa que autoriza** (familiar ou titor legal)

D./Dna. \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ en calidade de \_\_\_\_\_

O día \_\_\_\_\_ decidín **REVOGAR** o consentimento para a realización do procedemento referido neste documento.

Sinatura paciente  
(ou persoa autorizada)

Sinatura testemuña

Sinatura facultativo

Data: \_\_\_\_\_



## DISPOSITIVO INTRAUTERINO (DIU) LIBERADOR DE LEVONORGESTREL

Este DIU é un pequeno dispositivo de plástico, en forma de T, que se coloca dentro do útero e libera levonorgestrel, unha hormona sintética, que reduce o grosor do endometrio (a capa interna do útero), inhibe o movemento dos espermatozoides, e espesa o moco cervical.

Existen dispositivos con diferentes contidos de levonorgestrel (13,5 mg, 19,5 mg ou 52 mg). O DIU de 52 mg está indicado como método anticonceptivo e para o tratamento das regras abundantes e dos sangrados uterinos anormais nos que previamente se excluísen causas malignas. É moi eficaz para reducir a probabilidade de histerectomía (extirpación do útero) en mulleres con sangrados uterinos excesivos. Os DIU de 19,5 mg e de 13,5 mg están indicados como anticonceptivo. A duración dos efectos anticonceptivos é de polo menos 8 anos para os de 52mg, polo menos 5 anos para os de 19,5 mg e de 3 anos para o de 13,5 mg. O DIU non protexe contra as infeccións de transmisión sexual.

Existen outros métodos anticonceptivos eficaces, reversibles ou irreversibles, que poderían constituír unha alternativa a estes DIU. Existen outros tratamentos eficaces, médicos ou cirúrxicos, para os sangrados uterinos anormais.

O DIU que me van a inserir é (marca e mg de levonorgestrel) \_\_\_\_\_

A inserción realízase de maneira **ambulatoria** nunha consulta. Pódese colocar en calquera momento do ciclo menstrual. Nalgúns casos pode ser necesario dilatar o colo do útero, con dilatadores mecánicos ou con misoprostol intravaxinal, para permitir o paso do introdutor do DIU. **Pode tomar un analxésico 1 ou 2 horas antes da inserción (ibuprofeno 600 mg, paracetamol 1g, ou o que vostede utilice habitualmente)**. Nalgunhas mulleres pode ser necesario aplicar un anestésico local no colo do útero. Despois de ter polo menos unha regra citarase para realizar unha ecografía e comprobar que o DIU está ben situado. Namentres é preciso evitar o embarazo utilizando outro método anticonceptivo eficaz, habitualmente preservativo.

Durante os primeiros meses de uso poden producirse sangrados vaxinais, continuos ou intermitentes, que habitualmente se resolven sós. Posteriormente, prodúcese unha diminución na cantidade de sangrado menstrual e adóitanse espazar as regras. Co DIU de 52 mg a regra desaparece por completo durante o primeiro ano de uso no 20% das mulleres. Ao final do segundo ano o 70% das mulleres non ten regras ou prodúcense moi separadas. Isto non conleva riscos para a súa saúde e débese ao mecanismo de acción do DIU. As taxas de falta de regra son moi inferiores cos DIU de 19,5 ou 13,5mg.

O DIU **pódese retirar en calquera momento**, cando vostede o decida. A fertilidade recupérase nun prazo breve.

### COMPLICACIÓNS, RISCOS E EFECTOS SECUNDARIOS:

#### A) Durante a inserción:

- **Dor** que habitualmente cede só ou cos analxésicos habituais.
- **Reacción vagal** (mareo, náuseas, vómitos).
- Dificultade ou imposibilidade de inserción.
- Perforación uterina. Prodúcese en menos de 1 de cada 1000 insercións.
- Reacción alérxica ao anestésico local.

#### B) Posteriores á inserción.

- Durante os primeiros meses algunhas mulleres teñen dor de cabeza, molestias abdominais baixas, tensión mamaria, cambios de humor e/o náuseas. Adóitanse resolver espontaneamente.
- Sangrado entre regras (explicado previamente).
- **Fallo do método.** O risco de embarazo é inferior a 0,2% (DIUs de 52 e 19,5 mg) e a 0,4% (DIU de 13,5 mg) ao ano. Estes DIUs protexen tanto o embarazo intrauterino como do extrauterino pero en caso de embarazo 1 de cada 20 será extrauterino.
- **Expulsión espontánea do DIU.** Prodúcese nun 2-10% das mulleres durante o primeiro ano. É máis frecuente nos 3 primeiros meses.
- **Infeción.** É moi pouco frecuente.
- Migración do DIU ao interior da cavidade abdominal. É excepcional.
- **Dificultade para a extracción.** Moi raramente non se verán os fíos e, nalgúns casos, podería ser necesario realizar unha histeroscopia para a súa extracción.

Se vostede, ou algún familiar desexan maior información, non dubiden en consultar a calquera dos médicos do Servizo.

### RISCOS PERSONALIZADOS

--